

Resolución do 15 de outubro de 2014, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para a integración na escala de axentes facultativos/as medioambientais da Xunta de Galicia, subgrupo C1, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos/as da Xunta de Galicia, subgrupo C2, escala de axentes forestais, convocado por Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG núm. 140 do 24 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 15 de outubro de 2014, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de abril de 2014 (DOG núm. 92, do 15 de maio), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2014 (DOG núm. 119, do 25 de xuño) encargado de cualificar o proceso selectivo para a integración na escala de axentes facultativos/as medioambientais da Xunta de Galicia, subgrupo C1, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos/as da Xunta de Galicia, subgrupo C2, escala de axentes forestais, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.6. da convocatoria, que o primeiro exercicio do proceso selectivo terá lugar o día 7 de novembro de 2014, na aula 7 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Santiago de Compostela, en chamamento único que se iniciará ás 16:00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

